



A ALEMAÑA NAZI

UD9 ENTREGUERRAS

4. A ALEMAÑA NAZI

- Novembro 1918: abdica o emperador Guillerme II
 - O Partido Socialdemócrata (SPD) proclama a **república** en Berlín, e o seu dirixente **Ebert** é nomeado chanceler.
 - Problemas para a nova república:
 - Sinatura do **armisticio** cos aliados
 - **Intentos insurreccionais** da esquerda radical e da dereita nacionalista
 - Graves **problemas políticos e económicos** da posguerra
 - Estabilización (1924-29)
 - **Gran Depresión (1929-32)**: golpe para a democracia alemana
-



Friedrich Ebert



SURGIMIENTO DEL NAZISMO Y CONSOLIDACIÓN DE HITLER EN EL PODER

1918

Acaba la
Primera
Guerra Mundial

1919

Proclamación
de la
República
de Weimar

1920

Fundación
del Partido
Nazi

1923

Putsch
de Múnich

1933

Hitler es
nombrado
canciller
(empieza el
III Reich)

1934

Noche de
los
Cuchillos Largos

4. A ALEMAÑA NAZI

4.1 A REPÚBLICA DE WEIMAR

- **Xaneiro 1919: insurrección espartaquista** (exemplo bolxevique)
 - Socialdemócratas (co apoio do exército e veteranos voluntarios): **violenta represión** da revolta.
 - Dirixentes Karl Liebknecht e Rosa Luxemburgo asesinados
 - Nesta crise: eleccións a **Asemblea Constituínte**.
 - Asemblea: reúnese en Weimar e redacta unha constitución
 - **Constitución: república federal baixo principios democráticos** (sufraxio universal), presidente da república (cada 7 anos) con poderes extraordinarios.
 - Chanceler (xefe de goberno) designado polo presidente, precisa o apoio do Parlamento (Reichstag).
 - Ebert elixido presidente da república
-



4. A ALEMAÑA NAZI

4.1 A REPÚBLICA DE WEIMAR

- Eleccións: os tres grandes partidos máis moderados (Centro, P. Democrático e SPD) forman un goberno de coalición: **Coalición de Weimar**.
- Primeira decisión: sinatura do humillante **Tratado de Versalles** (consecuencias da IGM agravadas polas pesadas indemnizacións de guerra)



Unter diesen Farben für
Einheit Freiheit Vaterland!

Wählt:

Sozialdemokraten

oder

Demokraten

oder

Zentrum!



Offendruck Hermann Beuwer
Berlin S 42

H. KAER-B.

THE
TREATY OF PEACE
BETWEEN
THE ALLIED AND ASSOCIATED POWERS
AND
GERMANY,

The Protocol annexed thereto, the Agreement respecting
the military occupation of the territories of the Rhine,

AND THE
TREATY

BETWEEN
FRANCE AND GREAT BRITAIN

RESPECTING

ASSISTANCE TO FRANCE in the event of unprovoked
aggression by Germany.

Signed at Versailles, June 28th, 1919.

(With Maps and Signatures in Facsimile)




LONDON: Printed and Published at THE NAUGHTON STATIONERY OFFICE.
To be purchased through any Bookseller or directly from THE STATIONERY OFFICE, at the
Edmund building, Tottenham Hill, London, W. 8, and 25, Abchurch Lane,
London, E. 4; H. PETER SMITH, Manchester; J. S. ASHMAN'S COLOURS, Glasgow;
22, FORTH STREET, Edinburgh; or from E. POOLSON & CO., Ltd., 118, Gresham Street, E. C. 2, N. 1.
1919.
Pp. 214, 5s.

4. A ALEMAÑA NAZI

4.1 A REPÚBLICA DE WEIMAR


- Primeiros anos da República: grave **inestabilidade económica**, sobre todo 1922 e 1923, nos que a **hiperinflación** arruinou o país.
 - [Vídeo: clip informativo 2012](#)
 - **Gran malestar social e político**, desconfianza da poboación cara o sistema republicano:
 - Aumentan as mobilizacións obreiras
 - Tentativas golpistas (sectores do exército e dereita ultranacionalista)
 - Aumenta a radicalización política



4. A ALEMAÑA NAZI

4.1 A REPÚBLICA DE WEIMAR

- **1924-1929: período de estabilidade**, xa que as potencias vencedoras da IGM deciden axudar a Alemaña.
 - **Plan Dawes 1924:** favorece a recuperación económica
 - **Pacto de Locarno 1925 e ingreso na SdN 1926:** normalizan a situación internacional
 - [Texto: Pacto de Locarno](#)
 - [Definición: Plan Dawes](#)



4. A ALEMAÑA NAZI



4.2 OS COMEZOS DO NAZISMO

- 1919, Múnic: fúndase un partido nacionalista con propaganda antiliberal e racista, o Partido dos Traballadores Alemáns (**DAP**).
- Ingreso de **Hitler***: inicio do nacionalsocialismo, ou movemento nazi.
- En 1920 dirixe un comité que elabora o programa de 25 puntos do partido, que cambia o nome ao **Partido Nacional Socialista Alemán dos Traballadores (NSDAP)**
- Ese ano (1920) fórmanse as **SA***, organización paramilitar (violencia contra os adversarios).
- [Texto: 25 puntos](#)
- [Documental: Apocalipsis, el ascenso de Hitler](#)



4. A ALEMAÑA NAZI

4.2 OS COMEZOS DO NAZISMO

- **Ideoloxía** do partido nazi: confuso conxunto de ideas dirixidas a todas as clases sociais.
 - Defende un “**socialismo nacional**” anticapitalista (como o fascismo italiano) que superase a loita de clases en beneficio dos “intereses superiores da nación”
 - Dúas ideas centrais:
 1. Necesidade dunha **ditadura nacionalista** forte que preservase a pureza racial e eliminase os inimigos de Alemaña (demócratas, marxistas e xudeus)
 2. Unir a todos os alemáns nunha “**Grande Alemaña**”, dotada dun “espazo vital” (Lebensraum) que asegurase o desenvolvemento da raza aria.

En su idea de crear la **Gran Alemania** para el desarrollo del pueblo germánico (espacio vital para la raza aria), Hitler ocupará estos territorios de 1936 a 1939:



4. A ALEMAÑA NAZI

4.2 OS COMEZOS DO NAZISMO

- **Hitler** é elixido **xefe** do partido en 1921 e impón no NSDAP unha estrutura elitista e xerarquizada, na que o *führer* (xefe) fose o soporte central da organización.
 - **1923**: situación de hiperinflación e exaltación nacionalista pola ocupación do Ruhr polas tropas franco-belgas.
 - Grupos ultranacionalistas de dereitas (entre eles Hitler e o NSDAP) preparan un golpe de Estado, o ***putsch* de Múnich**, que fracasa. Hitler é encarcerado.
 - Mentres se atopa preso, escribe as súas ideas nun libro, *A miña loita*. [Texto IGM](#)
-



4. A ALEMAÑA NAZI

4.2 OS COMEZOS DO NAZISMO


- Tras saír de prisión en 1925, Hitler refunda o partido e reformula o seu programa para ampliar os apoios sociais:
 - **Limita o anticapitalismo** á loita contra os financeiros xudeus
 - Utiliza a profunda corrente **antisemita e anticomunista** existente en Alemaña, e a grande impopularidade do Tratado de Versalles.
 - Muda de estratexia para transformar o partido nun **movemento de masas**.
 - Acepta o xogo parlamentario (**Doc.18**)
 - Uso moi eficaz dos métodos de **propaganda**: mítins, marchas, uniformes e instrución militar como medio para alcanzar o poder.
 - [Vídeo: traxectoria de Hitler](#)



4. A ALEMAÑA NAZI

4.3 A CRISE DA REPÚBLICA E O ASCENSO DO NAZISMO

- **Gran Depresión 1929-1933:** golpe para a democracia e impulso do nazismo.
 - Efectos catastróficos: Alemaña dependía do investimento estranxeiro (EEUU)
 - Repatriación de capitais: quebra do sistema bancario alemán en 1931.
 - Producción industrial: descende un 44%
 - Desemprego en 1932: 6 millóns de parados, miseria de amplas capas da poboación (sobre todo obreiros e clases medias)



4. A ALEMAÑA NAZI


4.3 A CRISE DA REPÚBLICA E O ASCENSO DO NAZISMO

- Coalición de Weimar: perde prestixio e apoio social.
- **Nazis: amplían as súas bases** entre as clases medias e obreiras, grandes industriais e terratenentes.
 - Intensifícase a violencia das SA
 - **Eleccións 1930:** NSDAP de 12 a 107 escanos (Doc.20). Aproveita o éxito e **intensifica os contactos coa dereita tradicional** (nacionalistas, exército, magnates da industria pesada como Krupp, Siemens, Thyssen, e grandes propietarios) (Doc.22)
 - [Texto Krupp](#)
 - [Artigo: grandes firmas que apoiaron o réxime nazi](#)

Resultados electorales en Alemania entre 1920 y 1933:

Partidos Políticos en el Reichstag	Junio 1920	Mayo 1924	Dic. 1924	Mayo 1928	Sept. 1930	Julio 1932	Nov. 1932	Marzo 1933
Partido Comunista (KPD)	4	62	45	54	77	89	100	81
Partido Social Demócrata (SPD)	102	100	131	153	143	133	121	120
Partido Centro Católico (BVP)	65	81	88	78	87	97	90	93
Partido Nacionalista (DNVP)	71	95	103	73	41	37	52	52
Partido Nacional Socialista (NSDAP)	-	-	-	12	107	230	196	288
Otros Partidos	98	92	73	121	122	22	35	23

Adaptado de James E. y Suzanne Pool, *Who Financed Hitler: The Secret Funding of Hitler's Rise to Power 1919 - 1933*, p. 494.



4. A ALEMAÑA NAZI

4.3 A CRISE DA REPÚBLICA E O ASCENSO DO NAZISMO



- **Fronte Harzburg (1931):** pacto coa dereita tradicional.
 - Os sectores da dereita tradicional deciden acabar coa política democrática, cos sindicatos e socialistas e comunistas mediante un sistema autoritario para afrontar a crise: isto facilita a chegada dos nazis ao poder.
-




4. A ALEMAÑA NAZI

4.3 A CRISE DA REPÚBLICA E O ASCENSO DO NAZISMO

- **Momento máis intenso da crise política: 1932.**
 - Dimisión do chanceler Brüning
 - Serie de gobernos autoritarios que actuaron á marxe do Parlamento, apoiados polos poderes extraordinarios do presidente da república Hindenburg (concedidos pola Constitución).
- **Eleccións presidenciais 1932:** dous candidatos: Hindenburg e Hitler (obtivera a súa maior cota de apoio electoral)
 - Dereita moderada e socialdemócratas apoian a Hindenburg para evitar a presidencia dos nazis: **gaña Hindenburg** (19,4 millóns de votos fronte aos 13,4 de Hitler)
 - [Texto: eleccións 1932](#)



4. A ALEMAÑA NAZI




Xullo 1932

4.3 A CRISE DA REPÚBLICA E O ASCENSO DO NAZISMO

- Hindenburg nomea chanceler a **Von Papen**: novas eleccións en **xullo de 1932**, nas que o NSDAP logra 230 escanos (37,3%) e convírtese no primeiro partido do país (lonxe da maioría absoluta).
- Von Papen invita a Hitler a formar parte do seu goberno, e este négase (só aceptaría se el fose chanceler).
- Para debilitar aos nazis, Von Papen solicita **novas eleccións en novembro**: o NSDAP perde 2 millóns de votos. **Doc.20**


Novembro 1932



4. A ALEMAÑA NAZI

4.3 A CRISE DA REPÚBLICA E O ASCENSO DO NAZISMO

- Os acontecementos favorecen a Hitler: rivalidades entre políticos de dereitas.
- **Xaneiro 1933:** Von Papen convence a Hindenburg para que nomee a **Hitler chanceler** dun goberno de coalición entre os nazis e a dereita clásica (3 ministros nazis, Von Papen como vicechanceler para controlar ao NSDAP).
- Hindenburg e Von Papen pensaban que Hitler, ao estar no poder, moderaría o seu discurso, pero equivocáronse gravemente.
- [Vídeo: ascenso de Hitler ao poder](#)



4. A ALEMAÑA NAZI

4.4 A DITADURA NAZI E O NACEMENTO DO TERCEIRO REICH

- Conquista do **poder absoluto polo nazismo** (máis rápida que na Italia fascista): **febreiro 1933 – agosto 1934**, constrúese un Estado totalitario.
 - No goberno, Hitler mantivo o radicalismo e acaprou todos os resortes de poder, sen ter en conta aos socios da coalición:
 - Obtivo de Hindenburg a disolución do Reichstag e a convocatoria de **novas eleccións en marzo de 1933**.
 - Campaña electoral: clima de violencia extrema (SA e SS* fustigan continuamente aos partidos de esquerdas)
-




Himmler,
dirixente das SS

4. A ALEMAÑA NAZI

4.4 A DITADURA NAZI E O NACEMENTO DO TERCEIRO REICH

- Neste ambiente prodúcese o **incendio do Reichstag**, o 27 de febreiro de 1933.
 - Os nazis acusan do incendio a un complot comunista e aproveitan para suspender os dereitos fundamentais da constitución e expulsar aos comunistas do Reichstag.
-




4. A ALEMAÑA NAZI

4.4 A DITADURA NAZI E O NACEMENTO DO TERCEIRO REICH

- Eleccións en marzo de 1933, nun estado de excepción.
- A pesar da represión contra os partidos de esquerdas, o NSDAP non logra a maioría absoluta (43,9%).
- Os nazis apóianse nos partidos de dereitas, e o novo Parlamento aproba unha lei que lle outorgaba ao **chanceler plenos poderes durante catro anos** para promulgar leis sen consultar ao Reichstag. Só os socialdemócratas se opoñen.
- Hitler, xa ditador, utiliza a lei para eliminar ao resto dos partidos políticos excepto ao NSDAP, co que Alemaña convértese nunha **ditadura de partido único**.

Composición del Reichstag



288	NSDAP	5	GSP
120	SPD	4	CSVD
81	KPD	2	DVP
73	Zentrum	2	DBP
52	DNVP+RS+RL	1	RL
19	BVP		

4. A ALEMAÑA NAZI

4.4 A DITADURA NAZI E O NACEMENTO DO TERCEIRO REICH

- A partir de entón Hitler dedícase a construír o “**novo Estado**”.
 - Para facelo necesita o apoio do exército e a oligarquía económica, polo que elimina aos elementos radicais das SA (vistos como unha ameaza revolucionaria)
 - 30 de xuño 1934: “**noite dos coitelos longos**”, na que Hitler ordena o asasinato do dirixente das SA, Röhm, e dos seus principais dirixentes, aís como de destacados opositores. [Vídeo](#)
-



4. A ALEMAÑA NAZI

4.4 A DITADURA NAZI E O NACEMENTO DO TERCEIRO REICH

- Coa morte de Hindenburg, en agosto de 1934, Hitler dá o último paso: **asocia a chancelería á presidencia do Reich**, co apoio do exército.
 - Isto significou a subordinación do novo exército (*Wehrmacht*) e da policía ao partido nazi.
 - **SS e Gestapo**, dirixidas por Himmler, convertéronse en garantes da política do Terceiro Reich.
-




4. A ALEMAÑA NAZI

4.5 A POLÍTICA NAZI DE ADOCTRINAMENTO E PROPAGANDA

- Campaña masiva de adoutrramento e control ideolóxico, que afectou a todos os aspectos da vida cotiá.
- Obxectivo: enchoupar toda a sociedade da ideoloxía nacional-socialista e fomentar o culto ao Führer como un ser infalible.

[A Enciclopedia do Holocausto páx. Web](#)


[Museo Memoria y Tolerancia páx. web](#)



4. A ALEMAÑA NAZI

4.5 A POLÍTICA NAZI DE ADOUTRINAMENTO E PROPAGANDA

- Unha das facetas: **educación e organizacións xuvenís.**
- Rapaces e rapazas (divididos desde os dez anos) entran a formar parte das ***Xuventudes Hitlerianas***, onde se lles inculcaba a camaradería, a obediencia e o sentido do deber.
- Educación controlada para adoutrinar nas teorías racistas, antisemitismo e militarismo.
- Os profesores tiñan que pertencer á Asociación de Profesores Nazis, universidades e claustros baixo a autoridade do goberno.
- [Documental Las juventudes hitlerianas](#)
- [Fragmento El Hundimiento](#)



4. A ALEMAÑA NAZI

4.5 A POLÍTICA NAZI DE ADOCTRINAMENTO E PROPAGANDA

- Suprimíuse a **liberdade de expresión**, censura das actividades literarias e artísticas.
 - Confeccionáronse listas de autores prohibidos e impulsouse a **queima de libros**.
 - Intentouse utilizar as **artes plásticas** para transmitir o valor da patria e da raza.
 - [Escena La ladrona de libros](#)
-



4. A ALEMAÑA NAZI

4.5 A POLÍTICA NAZI DE ADOUTRINAMENTO E PROPAGANDA

- A **propaganda nazi** utilizou eficazmente os medios de comunicación (prensa, radio) e a cultura (cine, música, teatro, artes plásticas, arquitectura...).
- **Joseph Goebbles** concentrou desde 1933 a educación e todo o aparato ideolóxico do III Reich á fronte do Ministerio para a Formación do Pobo e da Propaganda.
- Calquera medio de comunicación fóra do control dos nazis foi prohibido ou absorbido polo aparato de propaganda.
- [Radio Goebbles](#)
- [Congreso nazi, Nuremberg 1936](#)
- [Vídeo arquitectura nazi, Albert Speer e Arno Brecker](#)



4. A ALEMAÑA NAZI

4.6 RACISMO E ANTISEMITISMO

- Obxectivo prioritario do Estado nazi: cohesión social, substituindo a división en clases sociais pola **unidade e a supremacía racial**.
- Para iso: **suprimir todas as “impurezas”** que non se axustaran ao estereotipo ario (por orixe étnica, incapacidade física ou mental, ou anomalía social). Doc.24
- **Programa de eugenésia**: 72.000 persoas asasinadas, sobre todo enfermos mentais e persoas con incapacidades físicas ou enfermidades crónicas e incurables.
- [Vídeo: raza aria](#)
- [Vídeo: Xogos Olímpicos de Berlín, 1936](#)
- [Vídeo eugenésia: Aktion T4](#)




Las Leyes de Núremberg

4. A ALEMAÑA NAZI

4.6 RACISMO E ANTISEMITISMO

- Grupo de víctimas máis amplo: comunidade xudía.
- Medidas antisemitas: 3 fases:
 1. 1933-1938: lexislación que eliminou os dereitos políticos e sociais dos xudeus, e expoliou os seus bens. En 1935: **Leis de Nuremberg** exclúen aos xudeus da cidadanía alemá, e prohiben os matrimonios mixtos.



4. A ALEMAÑA NAZI

4.6 RACISMO E ANTISEMITISMO

- **Medidas antisemitas: 3 fases:**
 1. Desde finais de 1933: antisemitismo máis violento, vía libre para perseguilos. Noite do 9 ao 10 de novembro de 1938: “noite dos cristais rotos”: tendas e sinagogas xudías saqueadas e destruídas polas SA e as SS. Inmediatamente despois, miles de xudeus alemáns e austríacos foron detidos e encerrados en campos de concentración.



4. A ALEMAÑA NAZI

4.6 RACISMO E ANTISEMITISMO

- **Medidas antisemitas: 3 fases:**
 1. Punto culminante a partir de 1942 (IIIGM), cando Hitler ordena a “solución final”, o programa de eliminación total da poboación xudía de Europa. Levouse a cabo a través dunha inmensa rede de campos de traballo e exterminio. Máis de cinco millóns de xudeus foron asasinados neles.

[Vídeo: liberación de Buchenwald e Dachau](#)



Reinhard Heydrich



4. A ALEMAÑA NAZI

4.7 AUTARQUÍA E REARMAMENTO

- Na **economía**, implantouse nas fábricas unha ríxida estrutura para asegurar a orde e disciplina dos traballadores, elimináronse os sindicatos e os obreiros foron obrigados a integrarse no sindicato nazi da **Fronte Alemá do Traballo**.



4. A ALEMAÑA NAZI

4.7 AUTARQUÍA E REARMAMENTO

- Dous períodos na política económica do III Reich:
 - **1934-36: céntrese nos problemas máis urxentes.** Reactivación da economía, impulso do comercio exterior, desemprego (Doc.25).
 - **Obras públicas** para reducir o desemprego (autoestradas, aeroportos, estadios)
 - Impulso do **comercio exterior**: control das importacións e incremento dos intercambios, sobre todo con Europa Oriental e central, para obter materias primas.



alamy stock photo C463PX



alamy stock photo C463ME

4. A ALEMAÑA NAZI

4.7 AUTARQUÍA E REARMAMENTO

- Dous períodos na política económica do III Reich:
 - **A partir de 1936: Plan cuadrienal.** Decidida política de **autarquía económica e rearmamento intensivo**. Encargado: **Goering**
 - Máximo impulso á utilización dos recursos da terra e o subsolo
 - Desenvolvemento da produción de sucedáneos e produtos sintéticos (evitar depender das importacións)
 - Incremento dos investimentos nos sectores da **industria de guerra** (armamento, siderurxia, química...)
 - Conxelación dos salarios, agrandamento da xornada laboral e racionamento.



4. A ALEMAÑA NAZI

4.7 AUTARQUÍA E REARMAMENTO

- Dous obstáculos na recuperación económica:
 - **Falta de materias primas** estratéxicas (petróleo, caucho)
 - **Falta de alimentos**
- Solución: ampliación do “**espazo vital**” alemán: guerra para roubar territorios e recursos a outros países.



4. A ALEMAÑA NAZI

4.7 AUTARQUÍA E REARMAMENTO

- **Aumento da produción e pleno emprego:** esquecemento dos sacrificios impostos aos obreiros.
- Clases medias e campesiños: auténtico soporte social do réxime nazi.
- Política económica insustentable a longo prazo, o seu mantemento dependía do estalido dunha guerra para dar saída á grande acumulación de armamento e poder obter recursos doutros países.



Lebensraum "espacio vital"

